

CONTIDOS MÍNIMOS LIBRETA DE PRÁCTICAS

1. PORTADA

Debe incluir:

- Nome do Módulo
- Curso académico
- Autor

2. ÍNDICE

- Debe ir nunha páxina independente
- Obrigatoriamente debe ir paxinado
- Preferentemente incluíra hipervínculos ós principais apartados do documento, cun hipervínculo de volta ó índice.

3. INFORMACIÓN QUE DEBE RECOLLER CADA PRÁCTICA

- Título da práctica
- Protocolo
- Fundamento: breve comentario sobre, en qué se basa a práctica e qué resultados son os esperables.
- Método: débense detallar os diferentes pasos que se van realizando, documentando o procedemento con fotos. As fotos estarán colocadas por orde e con pés ou encabezamento explicativo do procedemento ó que corresponden. Tamén se poden numerar e despois facer referencia ó nº de cada unha cando se comente o procedemento que nela se reflexa.
- Importante comentar qué características ten a mostra problema (a mostra coa que imos traballar), pois dependendo do tipo de mostra os resultados esperados poderían ser diferentes.

4. RESULTADOS

- Documentar os resultados obtidos con fotos.
- As fotos tomaranse a 400 e 1000 aumentos, indicando sempre en cada foto con qué obxectivo foron realizadas. De non indicar este dato é imposible facer unha valoración do que estamos a ver na preparación.
- As fotos sempre levarán un encabezado ou pé de foto, explicando o que se pode ver nela. Identificaranse os elementos de interés editando a foto, e sinalandos con frechas, círculos ou números, ou por calquera outro medio que nos permita localizalos inequivocamente na foto.

5. CONCLUSIÓNS

- Débese incluír un breve comentario sobre os resultados obtidos, se son coherentes e se corresponden co esperado. Se hai desviacións con respecto ós resultados esperados, débese razoar cales foron as causas máis probables desta desviación.

6. BIBLIOGRAFÍA

- Sempre é **recomendable** buscar información adicional sobre a práctica que se está a desenvolver, por exemplo, se a mostra é un cultivo sobre un medio que descoñecemos, podemos buscar información acerca da composición e características do medio en cuestión, o que nos poderá axudar a interpretar os resultados obtidos na práctica. Esta bibliografía podemos incluíla ó final de cada práctica.

T. Ferdz

